



SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE FERROL DE 12 DE DECEMBRO DE 2016

Na casa do Concello de Ferrol, sendo as dezaioito horas do día arriba indicado reuniuse o Pleno da Mancomunidad de Municipios da Comarca de Ferrol, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia de Jorge Juan Suárez Fernández, Alcalde de Ferrol, e a asistencia das seguintes persoas:

- Concello de Ares: Julio Ignacio Iglesias Redondo, Alcalde.
- Concello de Cabanas: Germán Castrillón Permuy, Alcalde.
- Concello de Cedeira: Pablo Diego Moreda Gil, Alcalde.
- Concello de Fene: Juventino Trigo Rey, alcalde de Fene.
- Concello de Ferrol: Beatriz Sestayo Doce, segunda representante do Concello de Ferrol.
- Concello de Mugarzos: Pilar Díaz Otero, alcaldesa.
- Concello de Narón: Marián Ferreiro Díaz, representante do Concello de Narón.
- Concello de Neda: Angel Álvaro Saavedra, alcalde de Neda.
- Concello de Valdoviño: Alberto González Fernández, alcalde de Valdoviño.

Asistidos pola Secretaria Accidental Paula María Vázquez Carrasco, polo Interventor Manuel Roel Hernández-Serrano, e polo Xerente Luis Alcalá Baillie, ao obxecto de celebrar sesión ordinaria.

1. Lectura e aprobación se procede de actas das sesións anteriores.

Por unanimidade das persoas asistentes apróbbase a acta da sesión de 12 de setembro de 2016 coa seguinte corrección: o último parágrafo do punto rogos e preguntas da acta, relativo ao punto limpo de Vilar do Colo, non debería figurar nesta acta porque se trata dunha pregunta formulada nunha sesión posterior.

2. Aprobación inicial do orzamento de 2017.

Vista a memoria-proposta que eleva o Presidente da Mancomunidad que literalmente di:

"1. MEMORIA-PROPOSTA DO PRESIDENTE AO PLENO DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE FERROL

De conformidade co disposto no artigo 168.2 R.D. Legislativo, de 5 de marzo, artigo 18, apartados 1 a 2 do RD 500/90, do Regulamento Orzamentario, así como nas normas estatutarias da Mancomunidad de Concellos da Comarca de Ferrol, preséntase ao Pleno para a aprobación inicial o proxecto de orzamento para o exercicio 2017.

O orzamento nivelado en gastos e ingresos contempla a contía de 765.836,49 euros. A súa distribución por capítulos é a seguinte:

I.- GASTOS:

GASTOS DE PERSOAL (CAPÍTULO I)

Ascenden no seu conxunto 131.064,56 euros, que representa o 17,11% do total do orzamento.

O capítulo de persoal recolle: a) os gastos do persoal do Concello de Ferrol que presta servizo na Mancomunidad de Concellos da Comarca de Ferrol; b) os gastos correspondentes ao



persoal directivo (Xerente); c) os do persoal laboral temporal contratado mediante subvención da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia; e d) e os gastos do posto de auxiliar administrativo de servizos xerais, grupo C2, a cubrir no ano 2017.

GASTOS DE MANTEMENTO E SERVIZOS (CAPÍTULO II)

Ascenden en total a 448.999,14 euros, que representan o 58,63% do orzamento. En relación cos gastos de adaptación á administración electrónica, procurárase a colaboración coa Deputación da Coruña co fin de minimizalos.

TRANSFERENCIAS CORRENTES (CAPÍTULO IV)

Ascenden en total a 52.168,44 euros, que representan o 6,81% do orzamento.

INVESTIMENTOS REAIS (CAPÍTULO VI)

As previsións en investimentos reais estímase en 133.604,36 euros para o ano 2017, que representan o 17,45% do orzamento.

II.-INGRESOS:

INGRESOS POR TAXAS E SERVIZOS (CAPÍTULO III)

A previsión para o ano 2017 é de 21.319,00 euros, que representan un 2,78% do orzamento, procedente dos prezos públicos recadados polo servizo de recollida e aloxamento de animais domésticos.

TRANSFERENCIAS CORRENTES (CAPÍTULO IV)

Ascenden á cantidade total de 743.015,47 euros, un 97,02% dos ingresos do orzamento, procedentes das achegas dos concellos que compoñen a mancomunidad e de subvencións pendentes de ingresar.

INGRESOS PATRIMONIAIS (CAPÍTULO V)

As previsións de ingresos derivados das contas bancarias ascenden a 1.502,02 €, que representa o 0,20 % dos ingresos do orzamento.

TRANSFERENCIAS DE CAPITAL (CAPÍTULO VII)

A previsión para o ano 2017 é de 0 euros.

ACTIVOS FINANCIEROS (CAPÍTULO VIII)

A previsión para o ano 2017 é de 0 euros.



Polo exposto, propónse ao Pleno da Mancomunidade:

PRIMEIRO. - *Aproba-lo proxecto de orzamento da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol para o exercicio económico do 2017, co seguinte resumo a nivel de capítulos e clasificación económica.*

ESTADO DE GASTOS (Euros)

a.1) OPERACIÓNS CORRENTES		
Cap. I - Gastos de persoal	131.064,56	17,11%
Cap. II - Compras de bens e servizos	448.999,14	58,63%
Cap. IV - Transferencias correntes	52.168,44	6,81%
Cap. VI- Inversións reais	133.604,36	17,45%
TOTAL GASTOS:	765.836,49	100,00%

ESTADO DE INGRESOS (Euros)

ESTADO DE INGRESOS		
Cap. III - Taxas e outros ingresos	21.319,00	2,78%
Cap. IV - Transferencias correntes	743.015,47	97,02%
Cap. V - Ingresos patrimoniais	1.502,02	0,20%
Cap. VII - Transferencias de capital	0,00	0,00%
Cap. VIII-Activos Financieros	0,00	0,00%
TOTAL INGRESOS:	765.836,49	100,00%

SEGUNDO. - *Aproba-las bases de execución do orzamento para o exercicio económico 2017.*

TERCEIRO. - *Que se expoña ó público por prazo de quince días hábiles, trala publicación no Boletín Oficial da Provincia, para efectos de exame e reclamacións.*

CUARTO. - *Que no suposto de non presentarse reclamacións considerárase definitivamente aprobado e entrará en vigor unha vez que se cumpra o trámite da súa publicación definitiva, resumido por capítulos e con expresión dos recursos a utilizar.*

QUINTO. - *O orzamento aprobado terá efectos retroactivos ó 1 de xaneiro do ano 2017 e, ó mesmo, imputaranse os créditos do orzamento prorrogado.*

SEXTO. - *As modificacións de créditos aprobadas con anterioridade á entrada en vigor do presuposto do ano 2017 conservarán a súa vixencia.*

SEPTIMO. - *Que se lle remita copia do referido orzamento a Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.*

Ferrol, 12 de decembro de 2016

O PRESIDENTE,

Asdo.- Jorge Juan Suárez Fernández"

A anterior proposta someteuse a votación logo de que polo Xerente se explicasen os motivos que levan a que este orzamento sexa lixeiramente superior ao do ano anterior, referíndose entre eles á proposta de contratación dun auxiliar administrativo como persoal laboral temporal. Logo de debatirse sobre a idoneidade e legalidade da natureza do vínculo laboral dese auxiliar, acórdase



modificar a proposta coa finalidade de que pase a contemplarse como persoal funcionario dada a necesidade e vocación de permanencia do posto, quedando redactada a proposta como anteriormente aparece transcrita.

Os sres./as asistentes acordan por unanimidade aprobar a proposta arriba transcrita.

3. Seguimento e impulso de servizos e proxectos.

O Xerente informa sobre a actividade que desenvolverá a Mancomunidade o 20 de decembro en Cedeira, consistente nunha xornada sobre o sector agroecolóxico organizada coa colaboración da Deputación.

Marián Ferreiro informa sobre a promoción do destino turístico Ferrolterra-Rías Altas prevista na feira do Eixo Atlántico de Vila Real, respecto ao cal acórdase estudar a fórmula de colaboración da Mancomunidade coa iniciativa do concello de Narón.

Respecto aos servizos prestados por ASFEDRO, Marián Ferreiro solicita que se confirme a compatibilidade con outras colaboracións existentes entre esta entidade e o concello de Narón.

4. Rogos e preguntas.

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia declara levantada a sesión, sendo as dezaoito horas e cincuenta e cinco minutos, de todo o que, como Secretaria Accidental, DOU FE.

O Presidente da Mancomunidade

A Secretaria Accidental

Asdo: Jorge Juan Suárez Fernández

Asdo: Paula María Vázquez Carrasco

